



# A Estrada e as freguesías medievais na obra de Antonio López Ferreiro e os fondos capitulares de Compostela

Xosé M. Sánchez Sánchez

xosemanoelsanchez@yahoo.es

**Resumo.** A freguesía é unha das circunscricións básicas de organización do territorio en Galicia dende o período medieval. De igual xeito, é unha entidade destacada na atención do cóengo Antonio López Ferreiro nos seus estudos históricos. O presente artigo realiza unha revisión da información encol das freguesías relacionadas con A Estrada na Idade Media, con especial atención á obra de López Ferreiro e incorporando referencias inéditas dos fondos composteláns.

**Abstract.** The parish is one of the basic circumscriptions of the organization of the territory in Galicia since the medieval period. At same time, is one of the outstanding administrative districts in the historical studies of the canon Antonio López Ferreiro. This article makes a revision of the information of the parishes related with A Estrada in Middle Ages, paying special attention to the work of López Ferreiro and adding new and unpublished references of the Compostellan funds.

“Si fuera dable resumir en un solo haz la escasa luz que brota de cada uno de estos tranquilos lugares, al resplandor de esta antorcha podríamos recorrer seguros casi todos los períodos de nuestra historia; pero, entretanto, tenemos que contentarnos con reconocer en detalle pequeños períodos de tiempo y reducidas comarcas”.

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO: “Santa María de Trasmonte”,  
*El Porvenir*, 1879.

Non é esta a primeira vez que destacamos a importancia das freguesías para o coñecemento polo miúdo da historia medieval de Galicia<sup>1</sup>. A rede parroquial, xa dende a alta Idade Media, constitúe un tecido fundamental á hora de interpretar e comprender as relacións de poder, económicas e sociais da Galicia medieval. Fonte

1 Ver: SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M., “San Vicenzo de Cespón na Idade Media. Historia, poder, mentalidade e territorio”, en AYÁN, Xurxo M. (coord.), *De Sancti Vicentii de Sispalona a San Vicenzo de Cespón*, A Coruña, 2007, pp. 15-43; SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M., “Unha provisión pontificia para a igrexa de Santiago de Redondela”, *Seminario de Estudos Redondelanos (SEREN)*, nº 5 (2008), pp. 27-40; e tamén D’EMILIO, James, “Los documentos medievales como fuentes para el estudio de las parroquias e iglesias gallegas: El distrito de Monte de Meda (Lugo)”, *Cuaderno de Estudios Gallegos*, t. XLIII, 108 (1996), pp. 37-95.

de innumerables datos puntuais e artelladoras de historia macro e micro, as freguesías cobran incluso maior importancia se o eido que consideramos é a obra de Antonio López Ferreiro, un dos principais investigadores da historiografía galega<sup>2</sup>.

### Idade Media, freguesías e López Ferreiro

Cóengo amante e cultivador dos estudos históricos, na obra ferreiriana as freguesías gozan dun destacado papel coma complemento do discurso máis xeral a nivel de Galicia, corroborando e florecendo ao abeiro de procesos definidos dende unha perspectiva máis ampla. Macro e micro danse nos estudos de don Antonio a man para conformar unha perfecta simbiose, como non pode ser doutro xeito, na investigación da Idade Media. E non só iso, senón que as freguesías galegas son cerne de parte dos achádegos arqueolóxicos publicados ou recollidos por López Ferreiro nas súas obras, por visita propia ou por comunicación dos párrocos ou veciños dos lugares –aínda lembro unha nota manuscrita na súa colección do ACS: *Estos papeles me los mandó el cura de...*–; é o caso, por poñer algún exemplo dos moitos existentes, das inscricións medievais de San Pedro de Vilalle (Castroverde, Lugo) ou da fortaleza de A Barreira na estradense San Martiño de Riobó<sup>3</sup>.

Neste sentido o autor valora as freguesías galegas coma fundamento do patrimonio galego, e as define cun fermoso parágrafo no seu artigo encol de Santa María de Trasmonte, perfecto exemplo do estudio das entidades parroquiais dende aspectos puntuais: “casi todas nuestras iglesias rurales son un rico venero de antigüedades, no precisando para ostentar las riquezas que encierran más que el que en ellas se detenga la mirada del curioso investigador”<sup>4</sup>. A atención sobre os micro-espazos proposta por López Ferreiro non é vana nin

2 Completamos este artigo cunha pequena cronoloxía bio-bibliográfica do autor, a modo de apéndice, no centenario do seu falecemento.

3 Sairán os artigos en *El eco de la Verdad* e na *Galicia histórica*, respectivamente, pero son hoxe recuperados e reeditados no apéndice documental de: SANTOS FERNÁNDEZ, Carlos, *De Santa Baia a Vilanova: Antonio López Ferreiro no concello de Vedra*, A Coruña, 2010, pp. 151-153 e 161-163.

4 LÓPEZ FERREIRO, Antonio, “Santa María de Trasmonte”, *El Porvenir*, 1-2, outubro, 1879; reed. en *Compostellanum*, vol. V, nº 2 (1960), p. 223.

gratuíta, senón que podemos inserila nese “positivismo rebaixado” que se lle ten atribuído, dende un punto de vista historiográfico, e que nós vinculamos máis a un incipiente troco e viravolta sobre os presupostos decimonónicos (*grosso modo* o feito, a política e as grandes personalidades), un primeiro paso na embrionaria evolución historiográfica do século XX<sup>5</sup>.

A propia importancia da rede parroquial na historia galega, non só medieval senón ata a contemporaneidade, fai que no seu análise se entrecrucen e mesturen disciplinas e orientacións; Arqueoloxía –en moitos casos *da Paisaxe*–, Xeografía, Historia... contribúen todas a traer dende a localidade e microhistoria referencias extrapolables para tendencias máis xerais<sup>6</sup>, á par que un mellor coñecemento da propia historia de Galicia.

### **Santa María Madanela da Ponte Ulla (Vedra), San Xiao de Arnois e Outras Freguesías Estradenses**

Do conxunto de A Estrada, son varias as freguesías que contan con presenza no discurso histórico de López Ferreiro, mercé principalmente ao acceso á súa documentación no Arquivo da Catedral de Santiago ou no seu propio fondo persoal, hoxe Colección López Ferreiro no ACS. Non atopamos, claro, a iluminación de historias lineais, finamente fiadas e monográficas, pero si pequenos raios, anacos de luz que non só sinalan os camiños, senón que os alumean abondo para facilitar o paso. Repasando a súa escrita no que atinxe ás freguesías estradenses salientáanse Santa María Madanela de Ponteulla, San Pedro de Sarandón, ámbalas dúas moi vencelladas á historia estradense aínda que integradas no concello de Vedra, e San Xiao de Arnois, das cales atopamos tamén documentos orixinais medievais nos fondos composteláns.

5 SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M., “Antonio López Ferreiro. Un historiador en los inicios del Medievalismo”, en *Compostellanum*, 2010. En prensa.

6 Exprésao James d’Emilio para o caso que estudia en Lugo: “la utilidad de la escueta información que las fuentes nos proporcionan depende de estudios locales que, poco a poco, reúnan datos y ofrezcan hipótesis que, por aventuradas que sean, al menos proporcionen preguntas para plantear en un análisis más amplio”. D’EMILIO, James, “Los documentos”, cit., p. 95.

Se nos cinguimos á documentación da Colección López Ferreiro é Santa María de Madanela a que ten presenza, co orixinal dunha venda realizada en 1294 por un monxe desta freguesía a un Pedro Eanes, sobre diversas propiedades en Ponteulla<sup>7</sup>; pero o desenvolvemento destas freguesías na obra do cóengo é máis amplo, especialmente na súa *Historia da Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, na que en varias ocasións nos saen ao paso topónimos estradenses.

É Santa María Madanela a que ten un maior seguimento nesta obra, permitíndonos salientar algúns fitos da súa historia. Remonta López Ferreiro a existencia desta igrexa ao século IX, en base a unha confirmación do monarca Afonso III, no ano 883, ao abade do mosteiro de San Xoán Bautista, na serra do Pico Sacro que linda co Ulla; nela confírmanse as propiedades e posesións da institución xunto con algunhas igrexas, entre as cales López Ferreiro apunta que unha pode ser esta de Santa María<sup>8</sup>. O seu coñecemento da documentación, as súas pescudas, sempre inquisitivas e axeitadas, lévano a achádegos curiosos e destacados, como o do selo do *concejo* de Santa María Madanela da Ponteulla, que recolle e edita nas súas *Lecciones de Arqueología Sagrada*, aínda que sen sinalar a procedencia: un fermoso sixilo cunha ponte de tres arcos e a lenda *Concili Pontis Vlie in filigresia Sce. Maria Magdalena*; non puidemos atopar o orixinal deste documento entre os fondos do ACS nin na súa colección. Deste *concejo* constituiría a propia freguesía o núcleo central, punto de reunión coma se expresa na lenda; non coñecemos as condicións do poboamento, que estarían recollidas no chamado *Tumbo arzobispal* do cal López Ferreiro fai referencia en *Fueros municipales de Santiago y su Tierra*, e mencionando tamén, de pasada, o concello de Ponte Ulla<sup>9</sup>.

7 ACS, LD 26/15. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M., *A Colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*, Vigo, 2008, nº 301, p. 108. Isto no que ao período medieval se refire, xa que de época moderna temos documentación de San Xiao de Arnois, San Pedro de Sarandón e San Mamede de Ribadulla, especialmente do período da Guerra de Independencia.

8 LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia da Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. II, Santiago de Compostela, 1898, p. 259. Si coñecemos con seguridade a data de reedificación ou consagración da igrexa parroquial, 1122, pola inscrición no propio templo que edita Villa-Amil y Castro. VILLA-AMIL Y CASTRO, José, *Iglesias gallegas de la edad media*, Madrid, 1904, p. 256.

9 LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Fueros municipales de Santiago y su Tierra*, t. II, Santiago de Compostela, 1895, p. 133.

Remóntase tamén á alta Idade Media, ao século X, a igrexa de San Xiao de Arnois. López Ferreiro ofrece o dato da doazón polo bispo de Iria Sisnando I ao mosteiro de San Sebastián, en 1 de febreiro do ano 914, de dous tercios da renda que pagaba *Asnois*; o tercio restante iría parar a San Xoán da Coba, unha igrexa monasterial reedificada polo propio Sisnando<sup>10</sup>. Apunta incluso o cóengo a posibilidade de que a Santa Paderna, cuxo sepulcro se venera en Arnois, sexa dona Paterna, nai de Sisnando<sup>11</sup>. Naquela doazón non figura só Santa María das igrexas estradenses, ou do espazo circundante, senón que tamén se doa o pago de San Mamede de Ribadulla<sup>12</sup>, Santa Cruz de Ribadulla e San Miguel de Sarandón<sup>13</sup>.

Tempo despois continúa a presenza compostelá na freguesía de Arnois, coa doazón realizada en 31 de marzal de 1214 polo arcebispo don Pedro Múñiz ao Cabido da metade que lle correspondía do beneficio de San Xiao, aclarando López Ferreiro que a institución posuía xa propiedades na freguesía; resalta o autor “lo conveniente que podía ser a los Canónigos esta cesión para ayudarles en el cultivo de las viñas que por allí tenían”<sup>14</sup>; unha doazón confirmada pouco despois polo pontífice Honorio III, a petición capitular, do *ius quod habetis in*



Debuxo do selo do concello de Ponte Ulla, editado por López Ferreiro.  
Fonte: *Lecciones de Arqueología sagrada*, p. 496.

10 Tempo despois, San Xoán da Coba vería dirixirse cara el ao arcebispo Berenguel de Landoira, facendo noite no mosteiro o 15 de outubro do ano 1320, no seo da campaña para sofocar os estertores da revolta iniciada por Alonso Suárez de Deza e os burgueses composteláns. *Ibidem*, pp. 225-226 e t. VI, p. 41.

11 LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia*, cit., t. II, p. 326.

12 Coñecemos de San Mamede de Ribadulla, a transacción económica entre uns vecinos da freguesía, Maior Afonso e Roy Stelles, de Socastro, que en 27 de abril de 1417 vende medio sexto dun casal en Santa Eulalia de Vedra. ACS, S 17/5.

13 *Ibidem*, t. II, p. 225.

14 *Dono et in perpetuum possidendam concedo totam et integram medietatem ecclesie et caracterii. Sci. Juliani de Asnoys. Ibidem*, t. V, pp. 67-68 e ap. X.

*ecclesia de Hasnois cum medietate cauti de Hasnois*<sup>15</sup>, e cuxa renda serviría para pagar o aniversario a celebrar pola memoria arcebispo<sup>16</sup>.

Entremedias, no século XI, a comarca sufriu os desmáns dun cabaleiro, de nome Sisnando Galiáriz, do que López Ferreiro recolle as correrías por terras entre Santiago e o Ulla, atacando principalmente posesións da igrexa de Iria-Compostela. Segundo as fontes recollidas por don Antonio, campaba o *miles* ás súas anchas, tomando propiedades alleas, roubando gando nalgunhas freguesías e incluso asasinando a algúns dos que se lle opoñían; ate que o monarca, Bermudo III, interveu: “se ignora lo que haría el rey de la persona de tan insolente criminal y de sus cómplices; de sus bienes sabemos que los confiscó todos, y que en el año 1032 los donó a la Iglesia compostelana”<sup>17</sup>; algúns destes bens, como recolle o Tombo A da Catedral de Santiago, se ubicaban en *Sancti Michael*, freguesía que cifra López Ferreiro coma San Miguel de Sarandón<sup>18</sup>.

Co paso do tempo o dominio da igrexa compostelá na Ponte Ulla foise asentando, mercé a doazóns como a do cóngo Xoán Fróilaz, que no seu testamento do 27 de setembro de 1214, recollido por López Ferreiro, dona varias viñas a ambos lados da Ponte Ulla<sup>19</sup>. Pouco despois, en concordia capitular do ano 1228, especificábase que “las viñas que hizo la reina D.<sup>a</sup> Teresa en Arnois y en el Puente Ulla y las que después se plantaron con los *morabetinos* del rey de Portugal son todas del Cabildo. Las que en lo sucesivo se adquieran por donación se dividirán por mitad. Las que se adquieran por compra, se dividirán, si se compraren a medias”<sup>20</sup>. Prevíase por tanto a continuación no asentamento das propiedades compostelás e capitulares no entorno.

Entronca esta actitude perfectamente coas políticas de asentamento do poder socioeconómico das institucións feudais en Gali-

15 ACS, CF 33, Tombo B, fol. CCLXIXvº. Ed. GONZÁLEZ BALASCH, M.<sup>a</sup> Teresa, *Tombo B de la Catedral de Santiago*, A Coruña, 2004, doc. 328, p. 619.

16 Dona para elo tamén outras posesións, como unha viña en Caldas de Reis ou varias propiedades en San Fins de Brión. LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia*, cit., t. V, p. 73.

17 LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia*, cit., t. II, pp. 434-435.

18 *Ibidem*, t. II, p. 435 e ACS, CF 34, Tombo A, fol. 25vº.

19 *Ibidem*, t. V, p. 62 e ACS, CF 32, Tombo C, fol. 23.

20 Transcripción e edición de López Ferreiro, establecendo o topónimo coma *ponte Asnoys*. *Ibidem*, t. V, p. 130 e ap. XIII.

cia e, especialmente co sistema de tenzas da Igrexa de Santiago; eran as tenzas conxuntos ou lotes de terras e dereitos que supuñan unha serie de ingresos por vía de arrendamento e cobro; a posesión dun espacio xeográfico (un casal, unha viña, unha herdade) abría en ocasións a posibilidade de adquirir máis entidades limítrofes, reafirmando o dominio<sup>21</sup>. E San Xiao de Arnois, constituía, como sinala Francisco J. Pérez Rodríguez, un couto capitular que abrangía toda a freguesía; un espacio no que o Cabido compostelán exercía o señorío xurisdiccional<sup>22</sup>; este couto se insería na tenza chamada *de Arnois*.

A tenza de Arnois tiña como cerne a freguesía, estando perfectamente delimitado o espacio no Tombo de Tenzas da igrexa compostelá, no século XV: *se parte do lugar a que chaman Ribadulla dos Caualleros que vay por lo Rego Afesto ata a porta da torre; et como se vay ao Rego de Lenarin, et desende a a pena do cárcere a dereito ao val de Castalide, et a dereito a a touça que esta enno val de Cameija, et de ali ao marquo da pena enbarrada, et desde ali a dereito ata o agro do casal, et de ali a dereito ao valo das vinnas do Soueral, et de ali a dereito ao outro valo das Bouças vellas de a a Deuesa que foy do arçobispo; et despoys por lo rego da azenna ata a Vlla*<sup>23</sup>. Exercía sobre este espacio o dereito xurisdiccional o Cabido, personado no tenceiro, como ben se expresa no tomo: *no qual couto et teença non entra outro sennor, senon o teençeiro*<sup>24</sup>; detentaban ademais dereitos coma o de presentación da igrexa parroquial cando vagase, noventa libras anuais en renda de padroádego, rendas no lugar de Veiga<sup>25</sup>, un casal na Reigada e outro en Valboa<sup>26</sup>. Posuía ademais esta tenza dereitos e espazos en San Miguel de Castro, San Martiño de Riobó e San Xoán de Santeles<sup>27</sup>.

Outras institucións tiveron presenza neste entorno, podendo referir o aforamento que o convento de Santa Clara de Santiago fixo

21 Encol do sistema de tenzas ver: PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco J., *El Dominio*, cit., pp. 57 ss.

22 PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco J., *El Dominio del Cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*, Santiago de Compostela, 1994, p. 107.


23 ACS, CF 16, fol. 92v<sup>o</sup>.

24 ACS, CF 16, fol. 92v<sup>o</sup>.

25 ACS, CF 16, fol. 94r<sup>o</sup> ss.

26 ACS, CF 16, fol. 96r<sup>o</sup>-v<sup>o</sup>.

27 ACS, CF 16, fol. 94r<sup>o</sup> ss.



Encabezamento das propiedades da tenza de Arnois, do Cabido de Santiago.  
Fonte: ACS, CF 16, Tombo de Tenzas, fol. 92rº.

do casal de Reboredo, no couto de San Xoán da Coba, en Santa María Madanela da Ponte Ulla, no ano 1434<sup>28</sup>. Os escritos ferreirianos tampouco esquecen a importancia do Camiño de Santiago para esta zona, destacando o ramal que, xa dende Puebla de Sanabria, deriva polo Padornelo, Verín e Xinzo ate Salgueiro e Ponte Ulla, continuando por Lestedo ata Compostela<sup>29</sup>.

### San Xurxo de Codeseda e San Estevo de Lagartóns

Xunto con todo, doutras freguesías estradenses ou próximas tivo noticia López Ferreiro nos fondos documentais da Catedral, aínda que con menos presenza na súa obra. Pensamos en concreto na de San Xurxo de Codeseda, co seu mosteiro. Convento feminino xa no século XI, a documentación pontificia dende Anastasio IV en 1154 recólleo no círculo de influencia do Cabido compostelán<sup>30</sup>, sendo finalmente anexionado á mesa capitular no ano 1410 polo arcebispo don Lope de Mendoza, ante a decadencia do convento xa só con dúas monxas<sup>31</sup>. Con anterioridade o mosteiro estradense tiña coñecido, por suposto, días mellores; vira como o monarca Afonso VII

28 LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia*, cit., t. VII, p. 145.

29 *Ibidem*, t. V, p. 91.

30 ACS, CF 33, fol. 266rº.

31 ACS, S 1/7-1º a S 1/7-3º.



lle doaba parte das rendas da vila de Felgaria, en 31 de maio do ano 1124<sup>32</sup>; continuou esta política Fernando II, doando á institución en abril de 1170 un reguengo en terra da Lanzada e en Orcelón<sup>33</sup>.

No 1410 o arcebispado pasou a ser señor efectivo de Codeseda. Tras a anexión, o prelado mantivo os privilexios de exención de pagos que tiñan os habitantes do couto do mosteiro<sup>34</sup>; un tempo despois, no ano 1445, o cardeal Xoán Barro e o cóengo Álvaro Pérez, farán inventario dos libros e ornamentos da institución<sup>35</sup>. A Igrexa de Santiago dispuxo así dos bens conventuais, como se reflicta no foro que o cóengo Xoán de Montemaior, representando á institución compostelá, fixo en 14 de febreiro de 1490 dos lugares de Cameixa de Codeseda, Parada e Lesboa pertencentes a San Xurxo<sup>36</sup>. Parte destas propiedades integráronse dende a baixa Idade Media noutra das tenzas da institución catedralicia, a Tenza de Codeseda, sobre a base do privilexio *que dou don Afonso emperador de España confirmado por seu sucesor el rey don Fernando*. Esta tenza posuía xurisdicción na freguesía de San Xoán Bautista de Liripio<sup>37</sup> e no couto cuxo límite *parte por marcos de pedra comezando enno de Salgueyro que se extrema do couto de Salgueiro que esta enno arnado, et do couto de Paredes, et dali vaise a a Poça da Çapata, et de ali ao Porto Carreiro, et de ali vay ao couto de Conçeiro Agoas Vertentes para huna mao, et ara a outra, et dali vay ao couto da Espineira, et dali vay ao marquo de Taboaças, et dali ao marquo da Serra de Pereira, et dali vay ao Porto Louoso, et de ali vay ao castro de Trocastello que jaz junto con o rio da Vmia, et dali se fiinçe et se extrema enno couto de Salgueiro onde primeiramente se começou*<sup>38</sup>.

Como propiedade e renda desta tenza documéntanse un relativamente abundante número de casais en posesión do Cabido, espallados por toda a freguesía de San Xoan Bautista de Liripio, ata

32 ACS, S 7/3. Unha donación confirmada un século despois por Fernando III, o 19 de febreiro de 1232. ACS S 7/12.

33 ACS, S 7/6.

34 ACS, S 16/1 y S 16/3.

35 ACS, S 15/76. Un interesante inventario sobre o que xa estamos a traballar para editar.

36 ACS, S 16/43.

37 ACS, CF 16, fol. 239rº.

38 ACS, CF 16, fol. 239rº.

facen un total de 39. A elo podemos engadir posesións e dereitos en outras: dous casais en San Breixo de Lamas, arrendados por un par de capóns e unha cantidade de pan; o casal de Montón en San Martiño de Riobó<sup>39</sup>; outro en Santa Cristina de Vinseiro –chamada *dos Cabaleiros*–, que fora da abadesa dona Sancha; outro en Pitáns; dous máis en Carballal; outro en Fragoso; e outro n'A Pena.

**Táb. 1. Distribución xeográfica dos casais pertencentes á Tenza de Codeseda na freguesía de San Xoán Bautista de Liripio (A Estrada)**

Lugar	Nº de Casais
A Grela	5
Barro	6
Codeseda	2
Currellos	2
Devesa	1
Ensuela	1
Filgueiras	3
Fragoso	2
Insobrey	2
Marcenlos	4
Monteagudo	1
Quintas	3
Río de Lobos	2
Soutelo	1
Vilaboa	4

FONTE: ACS, CF 16, *Tombo de Tenzas*.

Tamén a freguesía de Santo Estevo de Lagartóns ten o seu lugar entre a documentación catedralicia medieval, cunhas breves testemuñas da actividade económica. En 3 de febreiro de 1374 os veciños de Lagartóns Afonso Pérez, Afonso Eanes, Domingo Pérez de Lagartóns e Fernando Eanes, doan ao Cabido as súas casas

39 ACS, CF 16, fol. 244r<sup>o</sup>-v<sup>o</sup>.

situadas *enna dita villa de Lagartoes*<sup>40</sup>; a institución catedralicia as incluía na tenza de Tabeirós, e eles as tomaban inmediatamente en arrendo, por prezo dunha oitava de pan e dous capóns cebados<sup>41</sup>. Tempos duros de crise, os do século XIV, nos que había que recorrer a alianzas coas grandes institucións para saír adiante.

Neste intre, na baixa Idade Media, a administración diocesana implicaba o pago por parte dos distintos beneficios de determinadas exaccións eclesiásticas á cabeza do arcebispado, coma o subsidio ou a décima, que eran repartidos entre as freguesías e que nutrirían unha vez recadados as arcas eclesiásticas ou da monarquía. No caso das freguesías estradenses, como do resto das do arcebispado compostelán, temos boa información no denominado *Libro do subsidio*, redactado a inicios do século XVI e que “moi posiblemente a relación do valor dos beneficios que forma o núcleo do códice [...] se elaborou durante a estancia en Galicia do protonotario Pedro de Altamirano, isto é entre 1485 e 1488”<sup>42</sup>. Aparecen aquí algunhas das nosas protagonistas, coma Santa María Madanela da Ponte Ulla, pagando 1.666 maravedíes ou San Miguel de Sarandón, a que máis paga, con 6.000 maravedíes; unha mostra máis das circunstancias económicas ás que tiñan que facer fronte as freguesías medievais.

**Táb. 2. Pago dalgunhas freguesías estradenses, e do entorno, segundo o *Libro do Subsidio***

Freguesía	Pago en maravedíes
San Estevo de Lagartóns	2.000
San Mamede de Ribadulla	4.500
San Miguel de Sarandón	6.000
San Pedro de Sarandón	1.500
San Xiao de Arnois	1.666
Santa Cruz de Ribadulla	4.000
Santa María Madanela da Ponte Ulla	1.666

FONTE: Vázquez Bertomeu, Mercedes, A Igrexa, cit.

40 ACS, S 13/24-1º.

41 ACS, S 13/23, S 13/24-1º e S 13/24-2º.

42 VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, *A Igrexa de Santiago contra 1500 (O Libro do Subsidio)*, A Coruña, 2003, p. 55.

\*\*\*

Breve viaxe, a nosa; cun bo guía, iso si. Notas e apuntamentos, datos e feitos estradenses incorporados por un dos grandes historiadores de Galicia e un dos principais estudiosos da Idade Media galega. A importancia das freguesías para a análise histórica está xa suficientemente demostrada, pero ademais, seguindo pistas e pescudas como as que nos deixou López Ferreiro, o camiño resulta moito máis sinxelo, agradable e productivo.

## Apéndice: Breve cronoloxía bio-bibliográfica de López Ferreiro no centenario do seu falecemento 1910-2010

1837, novembro, 9	Nace Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela)
1849	Comeza a carreira eclesiástica
1860, marzal, 23	Concesión de Ordes menores e subdiaconato
1861, abril, 24	Bacharelato en Teoloxía
1862	Ordenación coma presbítero
1863	Inicia os estudos na Escola Superior de Diplomática (Madrid)
1865	Edición do seu primeiro traballo <i>Examen histórico-crítico de los Concilios celebrados en Santiago en el siglo XI</i>
1866	Edición de <i>El Pórtico de la Gloria</i>
1871, agosto, 12	É nomeado cóengo do Cabido de Santiago de Compostela
1877	Edición de <i>El altar de Santiago y sus vicisitudes</i>
1879	Edición da súa primeira monografía <i>Estudios críticos sobre el Priscilianismo</i>
1879	Entra como membro da Real Academia da Historia
1879, xaneiro, 28	Achádego dos restos apostólicos na Igrexa de Santiago
1880	Suspensión polo card. Payá da capacidade de confesar e oficiar
1883	Edición de <i>Galicia en el último tercio del siglo XV</i>
1888	Concesión da Cruz <i>Pro Ecclesia et Pontifice</i>
1889	Edición de <i>Lecciones de Arqueología Sagrada</i>
1894	Edición da novela <i>A tecedeira de Bonaval</i>
1895	Edición da novela <i>O castelo de Pambre</i>
1895	Edición de <i>Fueros municipales de Santiago y su Tierra</i>
1896	Edición da novela <i>O niño de Pombas</i>
1898	Edición do vol. I da <i>Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela</i>
1907	Edición da <i>Biografía de San Rosendo</i>
1910, marzal, 20	Falece en Vilanova (Vedra).
1911	Edición póstuma do vol. XI da <i>Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela</i>